DEPUTACIÓN PROVINCIAL A CORUÑA

SERVIZO CULTURA, IGUALDADE E DEREITOS CIVÍS
SECCIÓN DE IGUALDADE E DEREITOS CIVÍS
REFERENCIA: 2026000002078

RESOLUCIÓN POLA QUE SE MODIFICA A RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA NÚMERO 40537, DE 18 SETEMBRO DE 2026, POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN E O PAGO DO VIII PREMIO "LUISA VILLALTA" A PROXECTOS POLA IGUALDADE

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO,** Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto o expediente número 2026000020813 relativo ao premio de referencia no que a entidade ASOCIACION AMBAR DAS PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL (G15052434) achega certificación da Axencia Tributaria acreditando que está acollida ao réxime fiscal especial previsto na Lei 49/2002, de entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, podendo beneficiarse das exencións e vantaxes fiscais previstas na dita norma.

RESOLVO:

Modificar a resolución da Presidencia número 40537, de 18 de settembro de 2026, pola que se aproba a concesión e o pago do VIII Premio Luisa Villalta a proxectos pola igualdade no sentido seguinte:

1º Onde di:

2026000020813	2026000029220	ASOCIACION AMBAR DAS PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL	G15052434	B	8.308,35 €	19 %	1.578,59 €

Debe dicir:

2026000020813	2026000029220	ASOCIACION AMBAR DAS PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL	G15052434	B	8.308,35 €	0 %	0,00 €

Polo tanto, o texto definitivo da resolución será o seguinte:

ANTECEDENTES:

1.- O xurado foi nomeado por resolución da Presidencia número 2026/31911, do 15 de xullo de 2026.

2.- De conformidade coas bases sétima e oitava o xurado reuniuse o día 10 de setembro de 2026 e formulou a súa proposta, tal e como consta na acta correspondente que se achega ao expediente da convocatoria.

Á vista do contido da acta e logo dos informes da Sección de Igualdade e Dereitos Civís e da Intervención Provincial.

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a concesión dos premios aos sete proxectos seguintes, polos importe que se indican:

Expediente	**Expediente de pago**	**Solicitante**	**NIF**	**Modalidade**	**Importe premio**	**RETENCIÓN IMPOSTO DE SOCIEDADES PREMIOS E IRPF**	
						TIPO	**IMPORTE**
2026000020682	2026000029209	MARÍA LARA BARROS ALFARO	76907997E	A	12.500,00 €	15%	1.875,00 €
2026000020679	2026000029211	REXENERANDO SOCIEDAD COOPERATIVA GALEGA	F70418439	A	12.500,00 €	19%	2.375,00 €
2026000020415	2026000029213	ATENEA FERNÁNDEZ GARCÍA	35482935F	B	12.500,00 €	15%	1.875,00 €
2026000020681	2026000029214	RAQUEL SENRA FERNÁNDEZ	44830764S	B	12.500,00 €	15%	1.875,00 €
G70464334	2026000029217	ASOCIACION DE MOVILIDAD HUMANA PARA LA COLABORACION Y EL DESARROLLO	G70464334	B	12.500,00 €	19%	2.375,00 €
2026000020813	2026000029220	ASOCIACION AMBAR DAS PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL	G15052434	B	8.308,35 €	0%	0,00 €
2026000020543	2026000029224	MAITANE VICENTE MARIÑO	72845523S	A	11.979,00 €	15%	1.796,85 €

Segundo.- Aboar o importe dos premios concedidos, que ascende a 82.787,35 €, previa retención da parte correspondente á parte do Imposto de Sociedades Premios ou IRPF segundo lle corresponda, á aplicación 0611/23122/481, documento contable A, operación número 220260017535.1 do Orzamento 2026 e de acordo co disposto na base novena.

Terceiro.- O importe correspondente á retención do 15% en concepto de IRPF ingresarase no CNP 20007, clave F, subclave 01 e o importe correspondente á retención do 19% en concepto de Imposto de Sociedades ingresarase no CNP 20012, clave I, subclave 01.

Cuarto.- Anular o saldo por importe de 17.212,65 € por economía en execución do documento contable A, operación número 220260017535.1 e o seu correspondente RC 220260008634.1, número de operación 220260008634.1 e deixar o crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 0611/23122/481

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), infórmase de que a resolución anterior esgota a vía administrativa, de acordo co disposto no artigo 114.1) da LPACAP, polo que, en virtude do artigo 123 da referida norma, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta deste.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra a presente resolución recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda, de conformidade co disposto na devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.